

As palmeiras de Gran Canaria (4)

Xosé Otero Canto, 14 de agosto de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.40299.php>

Son tan humanas as palmeiras, que teñen cabeza, tronco e extremidades. A súa cabeza elegante co seu cabelo ao afro ou moi cardado polo peite do vento debándase no alongo alto do espazo. Méxense cos seus cabelos na cabeza alongada de atardeceres e de paxaros que asubían no enreixado da súa testa pedindo auga para os seus quefaceres e para os seus conxéneres.

Está en constante movemento aproveitando as brisas que no concerto nos ofrece o mar. Tocan silencios bambeantes segundo a música veña da terra ou da auga e elas escoitan estas notas de mandolina espreitadas nas súas follas de trémolo ou trino continuado rozando sentimentos e compartindo ideas e bailadas, e, se cadra, declarándose con teimosía tendo ao vento como testemuña dos seus quefaceres amorosos e dos roces que serran follas nús de amorosiños e apaxos que se levedan ao vento para que sexa partícipe do seu querer enganchándose sen compromisos con agrimonias en amores pequenos, cortexos nas súas beiras, que nun ir e vir de afagos e aloumiños brindan como as carricantas con serras verdes o ruído do seu querer.

Continuará...

Gran Canaria 15-6-2026